

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 3. de agosto de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día tres de agosto de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(923).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20-07-2012 . Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

**2(924).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO CLUB RÁPIDO DE BOUZAS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DO DÉFICIT DA TEMPADA 2010-2011. EXPTE. 8402/101.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de maio de 2012 emitido polo xefe de Protocolo e RR.PP., conformado pola concelleira delegada de Facenda, co informe da Titular da Asesoría Xurídica do 16.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 24.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. "Conceder o CLUB RÁPIDO DE BOUZAS G-36.711.513 unha subvención pola contía de 15.000 euros para contribución da financiamento do déficit do club provocado polos gastos da tempada 2010-2011 e , que será de cargo á partida 921.0.489.00.04 (outras subvencións) ou bolsa de vinculación. O uso da mesma non afecta ao normal funcionamento do servizo.
2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
4. A beneficiaria, no prazo de tres meses deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incluídos no déficit os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.  
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos, que serán comprobados e conformados polo técnico do órgano xestor da Alcaldía.  
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.  
Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar esta ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que

poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

8. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.  
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.  
O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
9. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

**3(925).- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIONES MUNICIPALES E REINTEGRO A FAVOR DO TESORO PÚBLICO EN RELACIÓN CO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”. EXPTE. 77567/301.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 23 de xullo de 2012 emitido polo xefe de área de Políticas de Benestar, coa conformidade do concelleiro delegado, co informe do Interventor Xeral do 12.07.2012, e co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal, do 20.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.-Non interpoñer recurso contencioso-administrativo á resolución de reintegro de 16.264,91 euros a favor do Tesoro Público.

2.-Aprobar o reintegro de 16.264,91 euros ao Tesoro Público . O concepto que será obxecto de aplicación, será o 42093 do orzamento vixente.

**4(926).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 11.05.12, RELATIVO AO PROXECTO ANUAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPALES PARA O ANO 2012. EXPTE. 72995/301.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de xullo de 2012 emitido pola técnica de Actividades Económicas de Política de Benestar, conformado polo xefe de área de Políticas de Benestar e pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de 4,325,930,74€. co seguinte detalle:

-Persoal: **741.540,00€**

-Mantemento: **2.063,52€**

-Axuda no fogar:

\*Modalidade de prestación básica: **576.163,98€**

\*Modalidade para persoas valoradas como dependentes: **1.352.336,02€**

-Xestión de programas: **1.653.827,22**

2º- Adóptase ademais o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2012, na contía de 3.407.888,03€, que supón unha porcentaxe do 44,00% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

**5(927).- DESESTIMIENTO NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E SEGURIDADE DOS CENTROS EDUCATIVOS E CENTRAL DE ALARMAS. EXPTE. 12528/332.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 31 de xullo de 2012 emitido pola técnica de Admón. xeral, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Declarar o desistimento no procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento das instalacións interiores de seguridade dos centros educativos e conexión a central de seguridade de alarmas (expediente 12528-332).

2º.- A iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación para a contratación dos servizos de mantemento das instalacións interiores de seguridade dos centros educativos e conexión a central de seguridade de alarmas.

3ª.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que teñan presentado oferta neste procedemento.”

**6(928).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 2333/551.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de xullo de 2012 emitido pola técnica de Admón. xeral, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Ampliar o prazo de execución do contrato de obras do proxecto de reforma do Mercado do Progreso (expediente 2333-551) en nove meses, finalizando ó mesmo en data 12 de maio de 2013”.

**7(929).- CLASIFICACIÓN DE LICITADORES NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO RELATIVO Á ACTUACIÓN “VIGO STUDENT AMBASSADOR”. EXPTE. 4405/104.**

Vistas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta aprobada pola Mesa de Contratación na súa sesión do 31 de xullo de 2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo relativo a actuación “VIGO STUDENT AMBASSADOR” (expediente 4405-104) no seguinte orde decrecente:

1.- NEWLINK MC KINNEY-PASCUAL, S.L.

Segundo.- Requiritur ó licitador clasificado en primeiro lugar, NEWLINK MC KINNEY-PASCUAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso na prohibición de contratar.
- Certificacións de se achar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Conforme á delegación acordada por esta Mesa de Contratación na súa sesión de data 27.07.2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

#### **8(930).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMA ILE DA EMPRESA FRENELEGANCE. EXPTE. 8975/77.**

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 27 de xullo de 2012 emitido polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Promover perante a Consellería de Traballo e Benestar a cualificación coma Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado "FRANELEGANCE", sendo necesario para isto a participación municipal que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte (ditas bases aprobáronse na Comisión de Goberno de data 18 de decembro de 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011).

**9(931).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E DE BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO ANO 2012. EXPTE. 39211/512.**

Dáse conta da resolución da concelleira de Economía e Facenda, do 23.07.2012, que di:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011)

De conformidade co Informe-Proposta do Servizo de Administración de Tributos conformado pola Dirección de Ingresos, de data 19 de xullo de 2012 e Toma de Razón da Intervención Xeral Adxunta de data 20 de xullo de 2012,

**RESOLVO:**

"11º- **APROBAR** O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2012 por importe de 61.799.448,65 € (SESENTA E UN MILLÓN SETECENTOS NOVENTA E NOVE MIL CATROCENTAS CORENTA E OITO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS) que consta de 200.307 inscricións de **BENS DE NATUREZA URBANA** por importe de **59.750.229,69 €** segundo relación comeza por FERNANDEZ DIZ JOSE LUIS e remata por AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AGUA e de 760 inscricións de **BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS** por importe de **2.049.218,96 €** segundo relación comeza por NEWCO AIRPOTS SERVICES SA. e remata por AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AGUA."

2. **Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**10(932).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2012. EXPTE. 43935/516.**

Dáse conta da resolución da concelleira de Economía e Facenda, do 23.07.2012, que di:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011)

De conformidade co Informe-Proposta do Servizo de Administración de Tributos conformado pola Dirección de Ingresos, de data 16 de xullo de 2012 e Toma de Razón da Intervención Xeral Adxunta de data 20 de xullo de 2012,

#### **RESOLVO:**

“1º- **“APROBA-LO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS** do Municipio de Vigo para o ano **2012** por importe total 12.903.763,63 € dos que **11.526.409,20.- €** corresponden a cota municipal e **1.377.354,43,-€** ao recargo provincial que contén **4.275 inscricións**, comezando " UTE NAVES PUERTO VIGO " e rematando por "ZURICH SERVICES A.I.E.".

2. **Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

#### **11(933).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN SOBRE RECOÑECIMENTO DO GRAO PERSOAL DE Dª BERTA SALA RÍOS. EXPTE.23324/220.**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da seguinte Resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 23-07-2012:

“Recoñecer á funcionaria de carreira deste concello con praza de arquitecto e adscrita ao posto de Xefa ITE e Conservación, Dª Berta Sala Ríos,a, con nº de persoal 21367, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto dese nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día



seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**12(934).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN SOBRE RECOÑECIMENTO DO GRAO PERSOAL DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> LUISA SOBRINO DEL RÍO. EXPTE.23325/220.**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da seguinte Resolución de data 23-07-12, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal:

“Recoñecer a funcionaria de carreira deste Concello con praza de arquitecto e adscrita ao posto de Xefa do Servizo da Area Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Sobrino del Río, con nº de persoal 24070, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28 motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto dese nivel, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución.

**13(935).- SOLICITUDE DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DE D. JOSÉ LUÍS LOROÑO RÚA. EXPTE. 23151/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de xestión de RR HH do 22-05-2012, conformado pola xefa do servizo, visto o informe da Intervención Xeral Municipal de data 07-06-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- De conformidade co previsto no art. 67.1.a) do Estatuto Básico do Empregado Público en relación coa Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en

materia de seguridade social a xubilación anticipada do auxiliar de administración xeral D. José Luís Manuel Loroño Rúa, con DNI 35971686-P e nº de persoal 21947, adscrito á Area de Benestar Social con efectos do día 30 de agosto de 2012.

Segundo.- Dispoñer o aboamento a D. José Luís Manuel Loroño Rúa (Nº 21947) da cantidade de tres mil seiscientos seis euros (3.606.- €) en concepto de indemnización por xubilación anticipada, en execución do Acordo Regulador das Condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

Terceiro.- O presente acordo comuníquese ao interesado, á Xefatura da Area de Benestar Social, Servizo de Recursos Humanos, Intervención Xeral aos efectos oportunos.

**14(936).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2012. EXPTE. 23288/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica Avaliación e Formación de data 19-07-2012, conformado pola xefa do servizo de RR HH, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 24-07-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xuño	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	502,50	97,92	600,42
Policía Local	Xuño	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan Guillermo	37.729,74	25.319,58	63.049,32
Parque Central	Xuño	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José A	1.141,68	807,84	1.949,52
Parque Móbil	Xuño	De Alonso González, Ángel a Troncoso Martínez, Avelino	917,57	1.128,12	2045,69
Extinción Incendios	Xuño	De Alonso Covelo, Vicente a Villaverde Veleiro, José Benito	1.780,86	312,80	2.093,66
Cemiterios	Xuño	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.069,32	0,00	2.069,32
Montes, Parques e X.	Xuño	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	639,18	454,24	1.093,42
Limpeza	Xuño	De Hermida Sanmartín, Juan J. a Vila Ibañez, Raul	341,70	1.838,72	2.180,42

IMD	Maio	De Alves Cerqueira, Antonio	58,29	8,16	66,45
Museo	Maio Xuño	De Ogando López, José M. a González Bello, Andrés	749,75	18,36	768,11
Vías e Obras	Maio	De Fernández González, Miguel	20,10	0,00	20,10
	TOTAIS		45.950,69	30.157,10	75.936,43

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 75.936,43 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**15(937).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 23289/220.**

Con data 19-07-2012, a técnico de Avaliación e Formación de RR HH, coa conformidade da xefa do Servizo, emite o seguinte informe-proposta de resolución que consta informado pola Intervención Xeral o 24-07-2012:

“A instrución terceira, apartado g) sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da condución de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, por un importe de de 3’38 €/mes.

Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado polos Xefes dos servizos e os Concelleiro/as delegado/as correspondentes, os informes dos servizos de Parque Móbil, Extinción de Incendios, Electromecánicos, Vías e Obras, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Protección Civil, Limpeza, Educación, Mobilidade, Seguridade e Transporte, Xuventude, Cultura e Patrimonio Histórico, segundo a relación seguinte:

Servizo	Relacións	TOTAL
Parque Móbil	De Amoedo Moreira, José Luis	70,98 €
Servizo Extinción Incendios	De Palmás Calvar, M <sup>a</sup> Luz	158,86 €
Servizo Electromecánicos	De Bea Puentes, Francisco Javier a Posada Oitabén, Angel	507,00 €
Vías e Obras	De Alonso Cué, Miguel Angel a Martínez González, José Manuel	1.095,12 €
Parque Central	De Alonso Alonso, Miguel Ángel a Froján Villaverde, José	199,42 €
Desinfección	De Seijas Alvarez, J. Ramón a Seijas Fernández, Alberto	371,80 €
Medio Ambiente	De Álvarez Díaz, Roberto a	172,38 €

	Rodríguez Barbosa, Francisco J.	
Protección Civil	Sande Vázquez, José Antonio	206,18 €
Limpeza	De Fernández Pérez, Fernando a Sola Quiroga, Constantino	905,84 €
Educación	Puentes Rodríguez, Eladio	192,66 €
Mobilidade, Seguridade e Transporte	García Alfonso, Juan Jesús	166,00 €
Xuventude	Santiago Dacosta, Francisco	209,56 €
Cultura	Vázquez Martínez, Ramón	145,34 €
Patrimonio Histórico	De Guisande Oleiros, Antón	196,04 €
		4.597,18 €

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Montes, Parques e Xardíns, Servizo de Extinción de Incendios, Electromecánicos, Vías e Obras, Parque Central, Desinfección, Medio Ambiente, Protección Civil, Limpeza, Educación, Mobilidade, Seguridade e Transporte, Xuventude, Cultura e Patrimonio Histórico, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan, por un importe total de 4.597,18 € correspondentes ó 2º trimestre de 2012 con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE”.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar favorablemente o anterior informe-proposta.

**16(938).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2012. EXPTE. 23286/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-07-2012, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 24-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase ao persoal adscrito ao Servizo de Desinfección que figura na relación que figura no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles,

correspondentes ao mes de Xuño-2012 e que ascenden a un total 611'00 € (seiscentos once euros), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**17(939).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE 2012. EXPTE. 23287/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-07-2012, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 24-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móbil, por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 2º TRIMESTRE-2012, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Ángel Alonso González remata por don Raúl Vila Ibáñez, e que ascenden a un total de 2.913'30 € (dous mil novecentos trece euros con trinta céntimos) con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**18(940).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2012. EXPTE. 23284/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-07-2012, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 24-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Xuño-2012, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**19(941).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO 2012. EXPTE. 23285/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-072012, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 24-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Xuño de 2012, e que ascenden a un total de 1.073'80 € (mil setenta e tres euros con oitenta céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**20(942).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL 2012. EXPTE. 23283/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17-072012, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 24-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase ao persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que figura no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Abril-2012 e que ascenden a un total 611'00 € (seiscentos once euros), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

**21(943).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AOS MESES DE FEBREIRO E XUÑO 2012. EXPTE. 23305/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 24-07-2012, da técnico de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa do servizo, visto así mesmo o informe da Intervención Xeral Municipal do 30-07-2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó

persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Alcaldía (conductores)	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	Xuño	271,00
Extinción Incendios	De Alonso Covelo, Vicente a Villaverde Veleiro, José Benito	Xuño	443,00
Extinción Incendios (oficina)	De Palmás Calvar, M <sup>a</sup> Luz	Febreiro	20,00
Policia Local (Xulgado)	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	Xuño	888,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vidal Lorenzo, Lucía	Xuño	544,30
Limpeza	De Ojea Domínguez, José Luis a Quintas Pérez, Manuel	Febreiro	27,00
Parque Central	De Abelleira Porrua, Guillermo a Rodríguez Lestón, Bernardo	Febreiro	92,00
Inspección Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo a Barciela Simón, Benito	Febreiro	75,00
Vías e Obras	Alonso Cue, Miguel Angel a Rodríguez Prieto, Federico	Febreiro	127,00
Parque Móbil	Gil González, Antonio	Febreiro	20,00
Ospio	De Ferro Macho, Ángel a Romero Gil-Delgado, Loreto	Febreiro	60,00
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	Febreiro	131,00
Cultura	Vázquez Martínez, Ramón	Febreiro	10,00
Recursos Humanos	Aragunde Martínez, Amelia	Xaneiro/Febreiro	40,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 27.810'76 €

**22(944).- DAR CONTA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 01/02/2012, DE ENCOMENDA DE FUNCIONS A D<sup>a</sup> BEATRIZ ALONSO ASENJO. EXPTE. 23232/220.**

Con data 01-02-2012, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, emitiu a seguinte resolución:

“En data 25 de xaneiro de de 2012, o Xefe do Servizo de Educación, co conforme da Concelleira delegada da Area solicita que provisionalmente e ata que non se proceda a cobertura do posto de traballo de aparelador/a adscrito ao Servizo Municipal de Educación, se encomenden ditas funcións a funcionaria municipal D<sup>a</sup> Beatriz Alonso Asenjo, núm. persoal 15651, con posto de arquitecta-técnica/Aparelladora

Dada a necesidade de manter o correcto funcionamento do Servizo, e co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen mingua das retribucións; tendo en conta a previa experiencia da funcionaria proposta para a realización da acumulación de funcións, que xa realizou ditas funcións en anteriores ocasións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

## R E S O L V O

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a funcionaria municipal D<sup>a</sup> Beatriz Alonso Asenjo, núm. persoal 15651, con posto de Arquitecta-técnica/Aparelladora, os cometidos e funcións do posto vacante de arquitecto-técnico/Aparellador adscrito ao Servizo de Educación, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter estritamente provisional.

Segundo.- A dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á cobertura do posto vacante por algún dos medios legalmente previstos.

Terceiro.- Da presente resolución, déase traslado ao interesado, concelleiro/as-delegado/as da Área, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da anterior resolución do concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal.



**23(945).- ALLEAMENTO PARA CHATARRA DA PALA CARGADORA PO-24546-VE, N° FLOTA 181. EXPTE. 9207/445.**

Dáse conta do alleamento para chatarra dunha pala cargadora, segundo proposta do concelleiro delegado de Fomento e Novas Tecnoloxías, de data 23.07.2012.

Nº flota	Matrícula	Tipo	Antigüidade
181	PO-24546-VE	Pala cargadora	1984

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**24(946).- CONVALIDACIÓN DE GASTO, INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A PROL DA IMESAPI, SA, POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO MES DE XUÑO DE 2012. EXPTE. 2622/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 4-07-2012, do xefe de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Emprego e pola concelleira de Facenda, co informe do secretario da Admón. Municipal do 16.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 20.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Declarar a nulidade da prestación do servizo realizada pola entidade Imesapi S.A.
- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 7.995,03 € (sete mil novecentos noventa e cinco euros con tres céntimos), a favor de Imesapi S.A. (CIF:A-28010478), con cargo á aplicación 9240 2279904 (At. O Público e Conserxería Ctros. Cívicos)
- Recoñecer a obriga a IMESAPI S.A., polo importe de 7.995,03 € e correspondente a prestación do servizo de conserxería e atención ao público nos centros cívicos, no mes de xuño de 2012.

**25(947).- CONVALIDACIÓN DE GASTO, INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A PROL DE “OUTSOSURCING SIGNO SERVICIOS INTEGRALES GRUPO NORTE, S.L.” POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DURANTE O MES DE XUÑO DE 2012. EXPTE. 2627/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 6-07-2012, do xefe de Participación e Atención Cidadá, conformado polo concelleiro de Emprego e pola concelleira de Facenda, co informe do secretario da Admón. Municipal do

16.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 20.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Declarar a nulidade da prestación dos servizos realizados por Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L.
- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 14.889,00 € (catorce mil oitocentos oitenta e nove euros), a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L. (CIF:B-47451794), con cargo á aplicación 9240 2279900 (Teleoperadoras, 010 e envío mensaxes).
- Recoñecer a obriga a favor de Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte S.L., polo importe de 14.889,00 € e correspondente a prestación do servizo de atención telefónica a través do 010 no mes de xuño de 2012.

**26(948).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14113/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18-06-2012, do xefe dos Servizos Enerxéticos, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto de Ordenanza Municipal Reguladora das Instalacións de Iluminación Exterior no Termo Municipal de Vigo, integrada por 7 Capítulos, 40 Artigos, 3 Disposicións Transitorias, 1 Disposición Adicional, 1 Disposición Final e 3 Anexos.
- Continuar coa súa tramitación ata a súa aprobación polo Pleno da Corporación e a súa entrada en vigor unha vez transcorridos 15 días dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**27(949).- CONVENIO DE ACHEGAS ALLEAS ENTRE O CONCELLO E TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU, PARA A MODIFICACIÓN E SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS NA RÚA SEVERINO COBAS. EXPTE. 1422/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27-07-2012, da técnica de xestión da Área de Fomento, conformado polo xefe da área e polo concelleiro delegado de Fomento, e co informe do asesor xurídico da área, do 2.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 31.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de aportacións alleas entre o Concello de Vigo e “Telefónica de España, S.A.U.”, para a modificación e soterramento de infraestruturas de telecomunicacións na rúa Severino Cobas.

2º.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello para que subscriba o documento en representación do mesmo.

3º.- O gasto municipal financiarase con cargo á partida correspondente do orzamento dos proxectos de urbanización da referida rúa, aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 22 de novembro de 2010 xa que o convido non supón incremento algún sobre o orzamento previsto nos mesmos.

**28(950).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PARA O ABOAMENTO DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS NAS REDES SEMAFÓRICAS ELÉCTRICAS NA RÚA TOMÁS ALONSO. EXPTE. 1470/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 23-07-2012, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado de Fomento, e co informe do asesor xurídico da área, do 26.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 27.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a nulidade das actuacións que deron lugar á factura nº 248 de data 29 de xuño de 2012 presentada no Rexistro Xeral pola mercantil Civisglobal, S.L. con data 3 de xullo de 2012, correspondente Actuacións realizadas nas redes semaforicas e eléctricas para a terminación da Rúa Tomás Alonso entre a Rúa Pi e Margall e a Praza Eugenio Fadrique e por importe de 40.712,95 Euros.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de Civisglobal, S.L. por un importe de 40.712,95 Euros

Terceiro.- Recoñecer a obriga a favor da mercantil Civisglobal, S.L. por un importe de 40.712,95 Euros, imputable á aplicación orzamentaria 1550.619.00.78 “Rec. Ext. Cred. OBRAS TOMAS ALONSO , Movexvial”.

**29(951).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1316/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 30-07-2012, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado de Fomento e pola concelleira de Facenda, e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral do 31.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

**1º.- Aprobar o procedemento aberto e tramitación ordinaria para o expediente de contratación do “Servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias municipais do Concello de Vigo”.**

**2º.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 30 de xullo de 2.012 para o “*Servizo de limpeza da casa consistorial e outras dependencias municipais do Concello de Vigo*”.

**3º.-** Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexerá a licitación redactado conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral da Área de Contratación en data 30 de xullo de 2.012.

**4º.-** Aprobar o gasto por un importe máximo de 6.323.680,36 Euros máis o 18% (1,138,262,48 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 7.461.942,84 Euros (sete millóns catrocentos sesenta e un mil novecentos corenta e dous euros con oitenta e catro céntimos) distribuído nas seguintes anualidades:

Ano 2.012: 466.371,43 euros  
Ano 2.013: 1.865.485,71 euros  
Ano 2.014: 1.865.485,71 euros  
Ano 2.015: 1.865.485,71 euros  
Ano 2.016: 1.399.114,28 euros

con cargo o orzamento vixente para o ano 2.012 e futuros exercicios, e de acordo cos créditos existentes na partida 9220.227.00.00.

**5º.-** Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

**30(952).- CONTRATACIÓN DE SUBMINISTROS DE FORMIGÓNS ÁRIDOS E MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN PARA O TALLER DE FOMENTO DO CONCELLO. EXPTE. 66909/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27-07-2012, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras e do asesor xurídico da área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado de Fomento co informe da técnica de Admón. Xeral e da Titular da Asesoría Xurídica do 4.07.2012, e co informe da técnica de Fiscalización e Control Financeiro, do 23.07.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria dos subministros de formigón, áridos e materiais de construción para o Taller do Servizo de Vías e Obras da Área de Fomento do Concello de Vigo.

**SEGUNDO:** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Xefe do Servizo de Vías e Obras con data 26 de xuño de 2012.

TERCEIRO: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación obxecto do presente expediente redactado polo Xefe de Servizo de Vías e Obras con data 27 de xullo de 2012.

CUARTO: Autorizar o gasto por un importe máximo de 170.000,00 €, distribuído nos seguintes lotes:

Concepto		Ano 2012
<b>Lote nº1: Formigóns</b>	<b>Total</b>	70.000,00 €
	<b>s/IVE</b>	57.851,24 €
	<b>IVE</b>	12.148,76 €
<b>Lote nº 2: Áridos</b>	<b>Total</b>	50.000,00 €
	<b>s/IVE</b>	41.322,31 €
	<b>IVE</b>	8.677,68 €
<b>Lote nº 3: Materias de construción</b>	<b>Total</b>	50.000,00 €
	<b>s/IVE</b>	41.322,31 €
	<b>IVE</b>	8.677,68 €

con cargo o orzamento vixente para o ano 2012 e de acordo co crédito existente na partida 1550.210.00.00 “conservación de viais e espazos públicos”.

O valor estimado total do contrato é de 140.495,87 euros.

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do/s contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.

**31(953).- REQUIRIMENTO Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DE ARRANXO DAS OBRAS DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DA PO-330 AVDA. DE CASTRELOS E PO-552 AVDA. FLORIDA. EXPTE. 61749/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 31-07-2012, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro delegado de Fomento, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Requerir á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para que, en estrito cumprimento do convenio suscrito con este Concello de Vigo en data 31 de marzo de 2008, proceda ao arranxo das deficiencias das que adoece a obra “*mellora da seguridade vial da Avda. Florida PO-552 con clave (PO/07/01306 )*” denunciadas por este Concello con data 7 de abril de 2011.

2º.- En caso de incumprimento do presente requirimento, ou de non ter contestación ao mesmo no prazo dun mes en lexítima defensa dos bens e dereitos municipais,

proceder, previo informe da Asesoría Xurídica Municipal, a interpor recurso ante a Xurisdición contencioso-administrativa.

O presente acordo deberá notificarse á Consellería, outorgándolle un prazo de dous meses contados a partir do seguinte a súa notificación para que contra o mesmo poda interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou calquera outro que estime oportuno.

**32(954).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non hai intervencións.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.15 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
P.A.

Isaura Abelairas Rodríguez.